

Liñas prioritarias de actuación da B.E. para o curso 2010/2011

Ceip Condese de Fenosa
(O Barco de Valdeorras -Ourense-)

1.- Actuacións en relación coa organización e xestión:

Tras a ampliación da biblioteca e a reestruturación do seu espazo, haberá que traballar e realizar as reformas necesarias para compatibilizar distintos usos do lugar. Botamos de menos a posibilidade de realizar distintas actividades simultaneamente, por exemplo o uso dos audiovisuais coa realización de traballos de investigación, ou mesmo xogos de mesa, sen que unha interfira na outra. Formulámonos daquela a posibilidade de adquirir uns paneis móbiles que permitan compartimentar a biblioteca creando lugares idóneos para a práctica das distintas actividades. Asemade estes paneis poderían servir para a realización de exposicións temáticas, de traballos do alumnado...

Queremos tamén harmonizar a dimensión lúdica na oferta da biblioteca, mediante a adquisición de xogos que desenvolvan capacidades de expresión e que amplíen os coñecementos do alumnado e que teñan unha dinámica silenciosa compatible con outras actividades.

Xa neste último ano tivemos unha xestión compartida co alumnado que levou adiante labores de empréstamo, e queremos ampliála capacitando @s voluntari@s na colocación dos libros nos andeis para o que realizaremos unha formación ad hoc.

Por último sinalar que na medida en que estamos a falar de diversificar a oferta da biblioteca, unha actividade que queremos potenciar é o conta-contos dos maiores aos máis cativos. Teremos que adquirir uns banquiños onde sentar a oír as historias toda vez que non demos atopado alfombras axeitadas.

2.- Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e á súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Seguiremos desenvolvendo actividades xa asentadas na nosa biblioteca como a elaboración de **guías de lectura, exposicións de novidades, edicións do boletín da biblioteca** “o barquiño de papel” no que se insiren recomendacións lectoras, enderezos web de interese para o alumnado, anuncios de actividades promovidas pola biblioteca...

Manteremos a **Hora dos deberes** durante o recreo do comedor, facilitando a realización das tarefas de investigación encargadas nas aulas.

Noutro orde de cousas seguiremos a manter vivo o **blogue da biblioteca**, e teremos que procurar darlle unha maior vida no tocante a visitas e comentarios. Na avaliación do proxecto do presente ano comprobamos como o profesorado, aínda valorando en grande medida os contidos do blogue, non adoitaba visitalo con frecuencia. Necesitamos, agora máis que nunca, cando nos embarcamos no proxecto Abalar, ilusionar ao profesorado nos sitios web da biblioteca, xa que se conseguimos motivalo a visita do alumnado viría de contado.

Tamén queremos sinalar a boa valoración que fixemos do **club de lectura de mestres**, e dos obxectivos acadados nel, polo que de cara ao curso que vén tentaremos volver a poñelo en marcha.

3.- Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación documental)

Elaboración de **webquests, procuras do tesouro, tutoriais para un bo manexo na rede, Jclics**, etc... seguirán dentro do noso traballo na Biblioteca, e como apoio que se ofrece para o traballo de determinadas materias.

Pero é na realización de **proxectos documentais integrados** onde queremos facer fincapé para o próximo curso. Na enquisa de avaliación realizada neste ano preguntabamos ao profesorado que nivel de coñecemento posuía sobre os PDI e a súa predisposición para levar adiante un proxecto destas características, denotando a enquisa un baixo nivel de coñecemento pero unha boa disposición a acometer un traballo deste tipo. Procuraremos xa que logo desenvolver un proxecto deste tipo tentando implicar ao maior número de mestres.

Continuaremos coas actividades de **formación de usuarios** presenciais e virtuais, tamén seguiremos tentando ampliar o número de ordenadores na biblioteca e mellorar as condicións do seu uso.

No tocante á **Olimpiada do Saber** continuaremos coas reformas levadas adiante este curso co certame, propiciando a participación en varios niveis que tan boas valoracións tiveron entre o profesorado, podendo incluso chegar a xogar en tres niveis, un por cada ciclo de primaria. Valoramos como moi positiva a implicación do profesorado do primeiro ciclo con este concurso, que se converte deste xeito

nun verdadeiro elemento de aprendizaxe na formación de usuarios.

Por último os **axudantes de biblioteca** teñen realizado un moi importante labor durante este curso no tocante á xestión de empréstanos e devolucións, etiquetaxe e selado. De cara ao curso que vén tentaremos que se impliquen noutras funcións, como a colocación dos libros nos andeis, actividades de conta-contos cos máis cativos, etc...

4.-Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.

No tocante a este apartado formularemos as mesmas actividades que ata o de agora, xa que consideramos que teñen dado froitos axeitados ás nosas expectativas, son ben valoradas pola xeneralidade da nosa comunidade educativa como demostran as taxas de participación e a valoración nas enquisas de avaliación realizadas. Emporiso trataremos de inserir modificacións nalgunha delas para corrixir defectos no seu funcionamento.

Programa de lectura silenciosa sostida; este programa que levamos desenvolvendo por dous cursos segue acadando moi boas valoracións polo profesorado, que maioritariamente o consideran un bo elemento para acadar unha mellor competencia lectora. A distribución horaria seguirá igual que en cursos anteriores, isto é de 10:00 a 10:15 h., xa que non prexudica ningunha clase en particular, repartindo equitativamente un tempo de cada sesión do horario de mañá.

Tense suscitado algunha crítica polo feito de que algúns alumn@s tarden en se poñer a ler ao non atopar o libro, polo que se propondrá deixar na última clase da tarde o **material de lectura preparado** sobre o pupitre.

Aproveitando o labor do club de lectura de mestres que este ano funcionou no colexio realizaranse **suxestións de libros** para cada curso, tanto en presentacións de libros realizadas polos mestres do club de lectura de entre os títulos recomendados polo mesmo, así como con carteis que se colocarán xunto á biblioteca de aula.

Vaile co conto ao profe; Esta actividade, unha das máis veteranas na nosa biblioteca, segue atraendo a moit@s alumn@s no recreo para ler en voz alta un conto ao profesorado voluntario (tamén cunha participación moi alta) que se encontra na biblioteca.

Os Martes...conto: Por segundo ano consecutivo o desenvolvemento desta actividade estivo marcado polo esporádico do seu funcionamento. Se o ano anterior foron as obras de ampliación da biblioteca neste ano debeuse a problemas organizativos que impediron planificar todo dende a reunión de inicio de curso. Ao se resolver estes problemas nos encontramos que a asistencia foi mínima, dado que moitas familias tiñan establecidas rutinas que ocupaban este tempo de biblioteca. Temos o convencemento de que esta actividade é moi importante, vencella as familias á biblioteca e ao proceso lector do alumnado, polo que tentaremos evitar todos estes problemas e que para o vindeiro curso teña un funcionamento regular.

Conta contos: Estas actividades serán traballadas como todos os anos coa colaboración das editoriais coas que traballamos no centro.

A Procura do Tesouro: Actividade de enigmas, conta contos, procura de tesouro no patio, ambientación de espazos da escola... este é un clásico dende hai varios anos que se ben sempre manifesta pequenas variantes, mantén o seu carácter de festa da lectura.

Carnés de lectores: O alumnado de infantil leva un sistema de contabilidade dos libros lidos en empréstanos da biblioteca que, acadado un certo número, fannos acredores dun carné ao mellor lector. É un sistema que dá bos resultados en canto á motivación do alumnado e que pensamos continuar no próximo curso.

No recreo cos máis pequenos: O grupo do alumnado que funciona como axudante da biblioteca será o encargado desta actividade gratificante para os maiores, que actúan como conta-contos, e os máis cativos que poden escoitar as historias lidas polo alumnado dos cursos superiores. Algunhas das necesidades que se apuntaban no primeiro apartado deste proxecto tiñan unha relación directa con ela, como a adquisición dos paneis separadores ou dos banquiños para o auditorio.

Clubs de lectura: Comezaremos a nosa cuarta temporada cos clubs de lectura, reducidos como en anos anteriores aos cursos de 4º, 5º e 6º, aínda que se permite a algúns alumnos de 3º especialmente interesado e que o solicitan, a participación neles.

Por último, e en relación co Proxecto Lector de Centro pensamos que se debe acometer unha reforma do documento actual no que se inclúan moitas das actividades que foron xurdindo nos últimos anos, así como introducir as reformas de itinerarios lectores e algunhas actividades alí recollidas.

Clubs de escritores: Neste curso pasado (09-10) comezamos a andaina dos clubs de escritores cuns resultados moi positivos. Aínda que algúns alumnos abandonaron os clubs ao longo do curso o groso

dos participantes seguiron todo o curso realizando traballos que foron publicados no blogue, revista das letras e no boletín da biblioteca. Non temos dúbida de continuar con estes clubs que coidamos de grande interese na adquisición da competencia escritora, a máis de contribuír en grande medida ao desenvolvemento dunha capacidade crítica nas lecturas e á comprensión da súa estrutura. A respecto do **proxecto lector**, adíuse a redacción definitiva de cara o vindeiro curso tendo xa discutido no Equipo de Biblioteca os novos aspectos a inserir na redacción do documento e algúns puntos que habería que modificar.

5.- Outras actuacións.

Realizada a **Guía de Benvida da Biblioteca** no curso actual, de cara ao ano que vén teremos que usala para poñer ao día ao profesorado que chegue novo ao centro e ao alumnado e as familias que se integren na nosa comunidade educativa.

En canto á nosa presenza na **Web**, tras a reforma do noso sitio, teremos que solventar algúns problemas de acceso á consulta online do catálogo por incompatibilidades coa norma ISO do servidor MyQsl da Xunta e do programa Bonsai que facilita a base de datos da Biblioteca. Estamos contentos coa páxina de proxectos, e queremos seguir enchéndoa de contidos, colgando as nosas publicacións, webquests, titoriais de uso da rede, proxectos de investigación e de recollida documental, etc...

No apartado de celebracións o día do libro vaise impoñendo no centro con actividades de moito interese, como o **mercadiño de intercambio de libros** que no curso actual se levou a cabo, e que queremos seguir promovendo dado o interese demostrado polo alumnado, o seu bo funcionamento e a motivación cara á lectura que supón.

Por último sinalar que durante o curso, e co fin de promocionar o uso da sección de audiovisuais da Biblioteca, comezamos unha sesión de **cine club** os xoves en horario do recreo. Centrámolos en filmes de cine mudo: Chaplín, Harold Lloyd, Buster Keaton, Stan Laurel e Oliver Hardy. A elección destas películas baséase na súa duración reducida, non molestar a outros usos paralelos da biblioteca e a triste carencia deste tipo de cine nas grellas televisivas que embuten mangas de moi baixa calidade aos nenos. A resposta do alumnado foi moi boa, xuntándose os xoves un nutrido grupo de nen@s entusiasmado coa descuberta deste cine para eles descoñecido. Polo tanto pensamos seguir proxectando estas curtametraxes

6.-Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación do proxecto será permanente ao longo de todo o proceso, introducíndose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades.

Realizarase unha avaliación inicial nos primeiros días do curso e ao remate do curso escolar realizarase unha avaliación final mediante unha enquisa realizada a todo o profesorado do centro, e cos datos obtidos en ámbalas dúas se valorarán as actividades da biblioteca e a súa repercusión na mellora da eficacia lectora e no coñecemento e implicación nas actividades promovidas polo PLC.

Se fomentará a participación do alumnado e do resto do profesorado mediante unha caixa de suxestións, e coa inclusión nas ordes do día das reunións de ciclos de aspectos avaliativos a respecto do funcionamento da biblioteca.

Por último sinalar algúns indicadores que se terán en conta á hora de valorar o funcionamento e aceptación da comunidade deste programa de actividades:

1. Número de empréstanos realizados pola biblioteca central ao alumnado.
2. Número de empréstanos realizados polo profesorado (bibliotecas de aula)
3. Número de alumn@s asistentes aos clubs de lectura e escritura.
4. Porcentaxes de participación na Olimpíada do Saber
5. Aumento da eficacia lectora no alumnado.
6. Calidade dos traballos realizados como froito das tarefas de investigación
7. Número de profesorado implicado nas distintas actividades da biblioteca.

7.- Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar.

A persoa designada como responsable da Biblioteca escolar será Xoaquín Carlos Freixeiro Álvarez, actual encargado da mesma.

Dado que a meirande parte dos membros do equipo de apoio á biblioteca son profesionais con destino definitivo neste centro, a súa composición tampouco variará moito e se asegura así unha continuidade no traballo que resulta moi interesante, sen que iso empece as aportacións que o novo persoal (provisional e interino) poida facer para a ampliación e mellora da oferta da biblioteca.